

Os Nossos Instrumentos Hoxe



Suso Vaamonde

*Banda Municipal de Música de
Santiago de Compostela*

SAÚDO DO ALCALDE



A historia musical do noso concello non sería a mesma sen o papel que desde 1848 desenvolve a Banda de Música de Santiago de Compostela. Ese labor didáctico de entretemento, de divulgación de melodías tradicionais e contemporáneas, deixaron unha fonda pegada na sociedade compostelá que aínda hoxe perdura.

Proba de que esa pegada permanece é este DVD, "Os nosos instrumentos hoxe", un traballo diferente no que a música tradicional é a protagonista.

É un canto ás nosas raíces, a nosa identidade melódica... Un proxecto que naceu da man do docente multi-instrumentista, Suso Vaamonde, e do director da Banda Municipal de Música, Casiano Mouriño, para divulgar a gran riqueza de ritmos, temas e letras presentes na cultura tradicional e que precisamos recuperar se non queremos perdelos para sempre.

A estrutura do DVD permite a visualización dun só instrumento ou de toda a banda no seu conxunto, ademais de incorporar unha explicación do funcionamento e características do instrumento que se vai escoitar. Están incluídos 18, algúns tan singulares como o charrasco, a lata, o morteiro, o birimbao ou o asubío. Todo este traballo docente e de divulgación tamén estará dispoñible nunha plataforma en liña. O obxectivo é que todas as persoas interesadas, músicos, profesorado, estudantes, maiores, etc., poidan acceder a el. É a mellor maneira de que o noso patrimonio musical chegue ás escolas, os institutos, os centros de maiores, o conxunto da cidadanía... Para que poidamos coñecelo, preservalo, difundilo, gozalo e aprender con el.

*Xosé Sánchez Bugallo
Alcalde de Santiago de Compostela*

SUSO VAAMONDE



Suso Vaamonde Manteiga, Músico intérprete e Mestre de instrumentos populares (Visantoña, 1970) é Licenciado en Filloxía Clásica pola Universidade de Santiago de Compostela, e posúe o Título Profesional de Gaita polo Conservatorio Mayeysis de Vigo.

É o director, coordinador e profesor da Escola de Instrumentos Populares Galegos “Suso Vaamonde”, en Caldas de Reis, e tamén da Aula Permanente de Música Tradicional (Vicerreitorado do Campus de Pontevedra).

Ademáis é Mestre de instrumentos populares na Escola de Música e Baile Tradicional do Concello de Outes, na asociación A Fuliada (Betanzos), na asociación Hai que Roelo (Cuntis), e na Escola de Música de Salceda de Caselas. Por outra banda, engadir que é mestre de acordeón e zanfona na Agrupación Tequexetéldere (A Estrada) dende outubro de 2020, e que imparte clases “online” de instrumentos populares galegos dende o mes de maio do mesmo ano.

Formou parte de grupos tan prestixiosos como Xacarandaina, Ballet Galego “Rey de Viana”, Leliadoura, Luvas Verdes, Cantata Vernácula, Trío “Vaamonde, Lamas e Romero”, coro histórico “Aires da Terra: o legado de Feijóo”... Actualmente desenvolve a súa actividade musical nos espectáculos “De tradición” con Suso Vaamonde, e Clásicos “á galega” (Suso Vaamonde con Banda de Música) e “24 Instrumentos Populares Galegos” (Suso Vaamonde e Xosé Lois Romero).

Foi Mestre de Música Tradicional do IGAEM (actualmente AGADIC), e músico colaborador do Centro Coreográfico Galego, tanto na interpretación de instrumentos como na impartición de talleres e obradoiros didácticos.

Ten impartido diversos cursos de técnica e afinación de gaita galega (Casa de Galicia de San Sebastián, A.F.C. Cantigas e Frores, Asociación Cultural de Folclore Tradicional Ourense, Academia Escola da Vaca, do Ferrol, Cursos de Especialización para a Galicia do Exterior en Santiago de Compostela, Asociación Cultural Santa María de Godos, Real Coro “Toxos e Froles”, Agrupación Folclórica “Brincadeira”, ...) e tamén sido mestre de zanfona na Tradescola (Asociación de Gaiteiros Galegos)

Destaca ademáis no campo da composición, sendo autor de máis de corenta obras e outros tantos arranxos. A meirande parte da súa obra está gravada por él mesmo en diversas publicacións discográficas. Acadou diversos premios como solista: Gañador do Concurso de Gaita Constantino Bellón nos anos 1992 e 1997, gañador do Premio LUAR 2000 como Mellor grupo de música tradicional... Ten participado en máis dunha veintena de gravacións discográficas e publicado varias obras para gaita (Solo de Gaita, Cadernos de gaita galega -4 en total-, Doce Polainas Enteiros, De pano sedán, Revista de Etnomusicoloxía, Pel e Madeira I e II...)

O 2 de agosto de 2005 foi o único gaiteiro solista encargado de interpretar a “Marcha do Antigo Reino de Galicia” na Toma de posesión do Presidente da Xunta, don Emilio Pérez Touriño. Participou tamén como gaiteiro solista nos actos de conmemoración do “25 Aniversario do Parlamento de Galicia”, tanto na apertura coma na clausura, que tiveron lugar os días 14/12/2005 e 19/12/2006 respectivamente. Colaborou como xurado e músico no programa da TVG “LUAR” no concurso “Vai de gaita infantil” durante as tempadas 2014-2015, e 2015-2016, promovendo a difusión dos instrumentos populares galegos interpretados por nenos menores de 13 anos.

CASIANO MOURIÑO



Nace en San Lourenzo-Meis (Pontevedra). Realiza os seus estudos musicais nos Conservatorios Superiores de Música de Vigo, Santiago de Compostela e Joaquín Rodrigo de Valencia, onde obtén os títulos superiores de Dirección de Orquestra, Harmonía contrapunto composición e instrumentación, Saxofón, e de profesor de Solfeo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento, cos mestres Manuel Galduf Verdeguer, José Vereá Montero, e Antón García Abril

No ano 1987 obtén por oposición a praza de Profesor de Saxofón-barítono da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela.

No 2000 obtén a praza de segundo director da mesma, e de director dende xaneiro de 2007 ata outubro do 2009.

Dado o seu interese pola pedagogía, realiza o “Curso de Aptitude pedagóxica” impartido pola Universidade de Santiago de Compostela, tamén realiza nesta mesma universidade distintos cursos no Departamento de Historia.

Asiste a cursos de Dirección de Orquestra, Composición, Banda, e Coro con destacados mestres coma: Helmut Rilling, Manuel Galduf Verdeguer, Enrique García Asensio, Antón García Abril, Magnus Lindberg Jean Pennnigs, Jean Marie Londeix, Andrés Gomis, James Ross, Bernardo Adam Ferrero, José Rafael Pascual-Vilaplana, Henrie Adams, José Susi López, Juan María Esteban, Pier Paolo Scattolin, Injoo Joo, Ana María Navarrete, Johan de Meij, etc...

Ten impartido varios cursos, na Escola Municipal de Música Padrón, Negreira, Paradelas-Meis, Bandeira, e nos Conservatorios de Santiago de Compostela, e Martín Millán de Vilagarcía, etc...

Como compositor ten varias obras: Divertimento para orquestra, Vertula, Alfaia, San Lourenzo de Nogueira, Inquedanzas, para Banda Sinfónica, Metamorfosium para grupo instrumental (estreada pola EAEM baixo a dirección do mestre Maximino Zumalave), Saxofonía para saxofón-alto e piano, e Anamnesis (banda sonora da curtametraxe Anamnesis de Leticia Prieto). Realizou varias transcripcións de obras para Banda Sinfónica como: Cadros dunha Exposición e Unha noite no Monte Pelado de M. Moussorgsky, Las Travesuras de Till de R. Straus e Metamorfosis Sinfónicas de P. Hindemith, e tamén instrumentacións de diversas obras para Banda. Ten estreado obras propias e de outros compositores galegos como Juan Lois, Simón Couceiro, Javier Ces, Amador Santos, Fernando Buide, etc...

Dirixeu a Real Filharmonía de Galicia no concerto conmemorativo do “170 aniversario da nosa Banda”, subindo por primeira vez ao escenario a RFG & BMSC, a solistas: Alexander Gold Makarov, Laura Alonso, Carmen Subrido, Alexandra Tarniceru, Idoris Duarte, Sandra Ferrández, Clara Panas, Eduardo Sandoval, Miguel Borrallo, Javier Franco, Gabriel Alonso, Rosa Cedrón, Marina Penas, Eliseu Mera, Uxia Senlle, Emilio Rúa... Grupos: Píscore, Odaiko, Gallaecia Big Band, Orquestra de Malabares... grupos de música tradicional: Treixadura, Cantigas e Agarimos, Tequexeteldere, Brincadeira, Caxade, Canto D’aquí (Portugal)... Agrupacións corais: Corais Polifónicas de Meis e Barro, Coro Santa María de Parádelas, Cantorum Compostellana Coniunctio, Escolanía e Coro Cardenal Quiroga da Catedral de Santiago de Compostela, Coro Harmonía Stellae, Coro Liceo de Vilagarcía, Orfeao de Vila Praia de Áncora (Portugal)... Bandas da comunidade galega: Banda Municipal de Música da Coruña, Banda Municipal de Pontevedra, e a Banda de Música da Vertula, coa que acadou varios 1º Premios en distintos Certámenes, etc...

Na actualidade, é Director da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela.

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO

É unha das máis antigas e destacadas de Galicia e de España, conta con máis de 170 anos de historia. A súa orixe data do ano 1848 coma centro de formación de instrumentistas. No ano 1876 o concello faise cargo da súa xestión e comeza a profesionalizarse, dando lugar a Banda de Música profesional que é hoxe en día. Unha das súas actividades máis características foron os concertos da Alameda e da Rúa do Vilar coñecidos coma "paseos". No ano 1933 a Banda conta con 51 músicos, dos que 10 eran educandos; participou no Certame de Bandas de Música celebrado en Ourense, gañando o 1º premio. Con motivo da celebración do centenario da Banda, asiste como director convidado o catedrático de composición D. Julio Gómez, no que dirixe a "Suite en La", e tamén é nombrado director honorario da Banda. No ano 1985 actúa en Madrid no "1º Festival de Música Española en las calles de Madrid", con motivo do Ano Europeo da Música. Ao longo da súa historia, contou con directores como, Francisco Martínez, Juan María López, Ignacio Rodríguez, Ricardo Fernández Carreira, Bernardo del Río Parada, José Goterriz Rambla, Moisés Davia Soriano, Pedro Echevarría Bravo, Amador J. Santos Bartolomé, etc...

No ano 2018 a Banda celebrou o 170 aniversario, por conseguinte programáronse diversas actividades, co fin de por en valor unha institución que leva vencellada a cidade de Santiago de Compostela case dous séculos. Estas comezaron cun concerto con José Rafael Pascual-Vilaplana como director convidado, e continuáronse con outras actividades conmemorativas como as das Festas da Ascensión, subindo por primeira vez a un mesmo escenario a Real Filharmonía de Galicia e a Banda Municipal conxuntamente, o concerto en colaboración coa Banda Municipal da Coruña, coas agrupacións tradicionais da cidade (Brincadeira, Cantigas e Agarimos, Ultreia, Colexiata de Sar, e os Cabezudos) nas Festas do Apóstolo. Asemade, realizouse a exposición temporal "170 anos da historia da Banda Municipal de Santiago" en colaboración co Consorcio da Cidade na Casa do Cabido. Paralelamente a ilo, tamén se fixo a estrea de obras de autores galegos como Antón Alcalde, Fernando Buide, Javier Ces e Simón Couceiro; a gravación dun disco con obras de compositores da propia Banda en colaboración cos grupos Treixadura e Cantigas e Agarimos; un concerto homenaxe aos xubilados da Banda; concertos con agrupacións como Canto D'aquí, Caxade, Píscore, Gallaecia Big Band, etc...; o "V Concerto A toda Banda" coa participación de Rafael Sanz-Espert e Luis Cobos; e a celebración do "IV Congreso Nacional de AMProBanD". E xa en último termo, para pechar a conmemoración do aniversario, presentouse ao público o disco "A Nosa Música" no Auditorio de Galicia.

Na actualidade a formación musical conta con 37 compoñentes, e está dirixida polo mestre Casiano Mouriño Maquieira. O seu local de ensaios e arquivo ubícanse nas instalacións do Auditorio de Galicia. Como banda sonora da cidade ofrece actuacións de gran calidade, apostando pola difusión do repertorio orixinal para banda, con estreas de obras, tanto de compositores galegos coma nacionais e internacionais, e colaborando con todo tipo de grupos e artistas. Ofrecendo ao público a súa temporada de concertos tanto na institución anteriormente citada coma no Teatro Principal. Asemade, implementa proxectos en colaboración con artistas e formacións de ámbito nacional e internacional

A día de hoxe, a Banda é unha agrupación musical comprometida coa sociedade actual, e faise partícipe do seu tempo e vida cultural compostelá.

PLANTILLA



Director: Casiano Mouriño Maqueira

Frauta / Frautín: Judith Rey Iglesias

Frauta: David Martínez Lombardía

Óboe / Corno Inglés: Lidia Iglesias Vaamonde

Fagot: Antonio Gómez Calzado

Clarinete-Requinto: Simón Couceiro Riveira

Clarinetes: Javier Pazos Pintor / Braulio Manuel Cao Ledo / Rafael Torres Míguez / Marina Abuín Salgado / Miguel Aguilar Alfonso / Raquel Bugallo Senra / José Manuel Cespón Rodríguez / José Manuel Puyana Gómez / Nicolás Otero Conde

Clarinete-Baixo: Martín Baleirón Frieiro

Saxofóns Altos: Rocío Hermida Santiago / Álvaro Iglesias Vila

Saxofón Tenor: Santiago Vidal Dourado

Saxofón Barítono: Diego García Morales

Trompas: Samuel Pérez Llobell / Manuel Míguez Rodríguez / Javier González Borrajo

Trompetas: Jesús Iglesias Álvarez / Alberto Xesús Busto Castaño

Trompeta / Fliscorno: Juan Lois Dieguez

Trombóns: Daniel Portas González / Juan Fernández Guzmán / Carlos Cabaleiro López

Bombardinos: José Javier Ces Calvo / Vicente Martín Arastey

Tubas: José Luis Vázquez Vidal / X. Carlos Seráns Olveira

Percusión: Jorge Berdullas Del Río / Ramón Castro Ferro / Daniel Riveiro Hermo / Germán Agulló Albors

INSTRUMENTOS

Acordeón. Inventado no ano 1829 polo vienés Damian, este instrumento de vento conquistou todas as culturas musicais do mundo debido á súa versatilidade e capacidade de adaptación. No vídeo explícase o funcionamento, partes, e tipos de acordeón.

Asubío. Anque os primeiros asubíos emitían moi poucas notas, co paso do tempo, foron pouco a pouco perfeccionándose na súa construción e posibilidades. Da familia das ocarinas, hoxe en día en Galicia atopámonos con asubíos que, con tan só 5 buracos, emiten unha oitava cromática completa.

Castañeta. Entre xoguetes musical e instrumento propiamente dito, a castañeta é unha mostra máis de enxeño que, tanto adultos coma cativos, amosaban para construír, de maneira sinxela, un instrumento de percusión para facer ritmo.

Charrasco. Este instrumento, moi propio da comarca da Ulla, empregado habitualmente na época do entroido, ten ocultas infinidade de posibilidades tímbricas, aprofitadas ao máximo na interpretación desta obra.

Coitelo. Un exemplo de un utensilio empregado con fins musicais. Non é un instrumento propiamente dito, porque non se concibe para ese fin. Pero si ten un aproveitamento rítmico que lle confire unha utilidade musical.

Culleres. Ao igual que o coitelo, outro exemplo de cómo unha infinidade de ferramentas da cociña son empregadas para facer ritmo, e acompañar, principalmente, ao canto. Estas culleres si son un instrumento musical, porque foron construídas con esa finalidade, a imitación das orixinais.

Cunchas. Outra mostra de como o home leva empregando dende a noite dos tempos todo aquilo que a natureza lle ofrece para facer música. As vieiras e as cunchas de calquera molusco, que teñan a súa superficie rasgada, serven para facer ritmo.

Gadaña. Esta ferramenta empregada para cortar herba, principalmente, non foi concebida como instrumento musical, mais convértese nunha fonte rítmica para axudar a facer máis levadeiras as labores do campo, e acompañar o canto propio delas.

Gaita. Un dos instrumentos máis representativos da nosa música popular. Emblemático e respectado, non é alleo á evolución dos tempos, e adaptación perfectamente a eles en canto a materiais, innovacións e posibilidades se refire.

Lata. Outro exemplo de cómo un “envase” dun produto culinario acaba converténdose en referente, como instrumento rítmico, nalgunha comarca do país. En moitas zonas de Ourense chegou a ser tan ou máis empregado que o pandeiro ou a pandeireta.

Morteiro. A última ferramenta da cociña empregada para facer música neste traballo. O morteiro, ben de madeira, ben de metal, era moi empregado para acompañar o canto e o baile, mais poucas veces acompañou un tema de música clásica coma nesta ocasión.

Ocarina. Este instrumento antiquísimo e feito de barro, cerámica e incluso madeira, xa se atopa na lonxana China co nome de “Xun”, e tamén na América Prehispánica. Pero a súa evolución actual ven dada polo italiano Giuseppe Donati, que o perfeccionou ata cotas insospeitadas.

Pandeira. Documentada en culturas mesopotámicas, a pandeira non é máis que un aro con cinco pares de ferreñas e unha pel de cordeiro. A súa forma circular permite hoxe empregar diferentes técnicas para a súa afinación. Foi moi popular na comarca dos Ancares.

Pandeireta. Un dos instrumentos máis populares de moitas culturas, a pandeireta galega tamén experimentou avances tecnolóxicos en canto a materiais, técnicas, construción e incluso afinación. Hoxe en día temos pandeiretas nas que podemos regular a tensión do parche natural.

Pandeiro. De forma cadrada, este instrumento que ten dúas peles naturais, pódese afinar grazas a diversos sistemas aplicados entre o marco e a pel atada arredor. O control da tensión desa pel natural foi un grande avance para ter o pandeiro afinado en todo momento.

Tarrañolas. Dúas láminas de madeira, lousa ou óso que se agarran entre os dedos da man e se baten entre elas, e que producen un son brillante, de elevado volume e grande proxección. Poderíamos falar que estamos ante as castañolas máis sinxelas, económicas e populares de Galicia.

Trompa. Antiquísimo instrumento da Idade de Ferro que en Galicia tivo grande importancia e pervivencia na comarca da Fonsagrada. Hoxe está feito de aleacións, e tamén ten unha afinación determinada, grazas ás investigacións dos artesáns e ao crecente interese que desperta na actualidade.

Zanfona. Asociado ao canto, este instrumento medieval perviviu en Galicia grazas aos “cegos” ambulantes, que ían de feira en feira cantando e contando historias, acompañándose con el para a interpretación de romances, crimes novelados, e demais narracións.

PROGRAMA

<i>Título Orixinal</i>	<i>Autor</i>	<i>Título do arranxo</i>
<i>Xota Vella</i>	<i>Popular</i>	<i>Xota Vella</i>
<i>Cabalgata das Walkirias</i>	<i>Richard Wagner</i>	<i>Pandeirada dos Catro Vello</i>
<i>Alborada de Verín</i>	<i>Popular (nº 501 do Cancioneiro de Torner e Bal y Gay)</i>	<i>Alborada de Verín</i>
<i>Carmen</i>	<i>Georges Bizet</i>	<i>Carmela</i>
<i>Im Krapeenwald'l</i>	<i>Johann Strauss</i>	<i>“Polka QK Chantadina”</i>
<i>Muiñeira dos Pendellos</i>	<i>Juan Lois Diéguez</i>	<i>Muiñeira dos Pendellos</i>
<i>Cantiga de Palas de Rei</i>	<i>Tradicional</i>	<i>Cantiga de Palas de Rei</i>
<i>Guillermo Tell</i>	<i>Gioachino Rossini</i>	<i>A cociña de Guillerme</i>
<i>Muiñeira de Cadós</i>	<i>Tradicional</i>	<i>Muiñeira de Cadós</i>
<i>Valse de Pazos de Merexo</i>	<i>Popular, do Repertorio de Manuel de Pazos, de Merexo</i>	<i>Valse de Pazos de Merexo</i>
<i>Muiñeira do Sisto da Chaparra</i>	<i>Popular, do repertorio de Aurelio Sisto</i>	<i>Muiñeira do Sisto da Chaparra</i>
<i>La Boda de Luis Alonso</i>	<i>Gerónimo Giménez y Bellido</i>	<i>Xota e Muiñeira de Voda</i>

Arranxos

Tódalas obras que contén este traballo están arranxadas para banda e instrumento solista por Juan Lois Diéguez



Son e deseño gráfico: Abrahán Sande Couso

Imaxe e montaxe: Fran Naveira Rego

Fotografía: Miguel Abalo Castex /Diego Páez